

---

<b>Obxecto:</b>	Resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (en diante, DXPC) e nova documentación sobre o Estudo de Impacto Ambiental (EIA) e Proxecto de interese autonómico (PIA)
<b>Proxecto:</b>	Parque eólico Feás
<b>Localización:</b>	Aranga e Coirós (A Coruña)
<b>Promotor :</b>	Galenergy, SLU
<b>Remitente:</b>	Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
<b>S/clave:</b>	IN408A 2020/10
<b>Data rexistro:</b>	17.01.2022 e 31.08.2022
<b>Expedientes:</b>	03.I.536.2020.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA3169/2020 (Servizo de Arquitectura)

---

O 17.01.2022 entrou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que se dá traslado da reposta do promotor ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (en diante, DXPC) de data 09.04.2021 respecto do EIA e PIA do Parque eólico de Feás, nos concellos de Aranga e Coirós (A Coruña) .

O 31.08.2022 entrou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se dá traslado da documentación definitiva remitida pola entidade promotora que substitúe á documentación que obra na DXPC co obxecto de emitir o correspondente informe sectorial. A tales efectos achégase o enlace para descargar o proxecto de execución (visado 14.06.2022), o proxecto de interese autonómico (visado 14.06.2022), o estudo de impacto ambiental definitivo, adaptado (asinado 16.06.2022) e o arquivo SHP das infraestruturas do proxecto definitivo (13.06.2022).

#### ANTECEDENTES

O 19.07.2019 a DXPC autorizara a Prospección arqueolóxica para a avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Parque eólico Feás (Aranga e Coirós, A Coruña), -cód.CT 102A 2019/490-0-, dirixida pola arqueóloga M<sup>a</sup> Paz Blanco Sanmartín.

O 09.04.2021 a DXPC emitiu un informe do Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Feás (A Coruña) e Proxecto Sectorial do Parque Eólico Feás (A Coruña), no que á vista do exposto na análise da documentación presentada, indicouse que non se podía informar os devanditos documentos ata completalos nos seguintes aspectos:

- Dentro da avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural, realizarase un rozado baixo control arqueolóxico das áreas que non puideron ser prospectadas adecuadamente debido a vexetación, para descartar o confirmar a presenza de bens arqueolóxicos e establecer as medidas correctoras apropiadas.
- Realizarase un estudo da afección visual do parque sobre o conxunto medieval de Receves, a necrópole do Monte da Retorta, a necrópole e petróglifos da Lomba e petróglifos de Coto Furreiro, así como sobre as necrópoles do Monte do Gato máis próximas (Monte do Gato, Portomoeiro e Vallo). Este análise incluírá infografías nas que se visualice a relación das infraestruturas cos elementos patrimoniais
- Analizaranse correctamente os impactos paisaxísticos e os efectos sinérxicos, incluíndo todos os parques proxectados na área (Seselle, Gato, Felga, Fontella, Feás e Penas Boas), as súas liñas de evacuación e todos os bens do patrimonio cultural existentes no ámbito de implantación.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

##### Legislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)*



- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022).*
- *Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.(DOG núm. 126 do 04.07.2022).*
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20 do 01.02.2021)*

### Análise da documentación:

#### Documentación presentada o 17.01.2022

A documentación complementaria avaliación de impacto arqueolóxico do parque eólico de Feás presentada nesta data trata de dar resposta ao informe da DXPC 09.04.2021. Atende fundamentalmente o requirimento no que respecta aos resultados dos traballos de roza da vexetación realizados baixo supervisión arqueolóxica, que se levaron a cabo entre maio e outubro de 2021, e mais o estudo de visibilidade sobre os bens patrimoniais solicitados.

Segundo se recolle nesta documentación, os traballos de roza acompañáronse dunha revisión posterior sobre o terreo, co obxecto de localizar posibles xacementos arqueolóxicos nas zonas cauteladas. En concreto, no sector noroeste do proxecto construtivo, onde está previsto instalar dous aeroxeradores, o FE01 e o FE02, os traballos de roza centráronse no espazo que ocuparán a plataforma do aeroxerador FE02. A roza baixo que se realizou baixo o arboredo da área que ocupará a plataforma, así como no contorno inmediato desta, permitiu revisar e prospeccionar intensivamente o terreo. Neste sector, incluíuse tamén o espazo comprendido polas plataformas dos aeroxeradores FE03 e FE04. A área onde está previsto situar a subestación do parque tamén foi rozada. Polo que respecta á futura zona de instalación do aeroxerador FE04, levouse a cabo a roza do sector oeste desta área, se ben a zona ao leste do vial non puido ser desbrozada aínda. No sector sueste, no espazo comprendido pola plataforma do aeroxerador FE05, a parte suroeste da plataforma presentaba unhas condicións que permitiu revisar visualmente e prospeccionar este sector sen necesidade de rozalo, polo que se considera que se pode dar por liberada de cautela. Por tanto, unha vez levada a cabo a inspección visual e a prospección das áreas rozadas, non se localizaron novos xacementos arqueolóxicos nin outros elementos, polo que se propón reducir a área de cautela da vexetación que fora establecida inicialmente, tendo en conta as zonas executadas e revisadas que se recollen nesta documentación, e manter o resto da área cautelada que non puido ser revisada, dado que, atendendo as condicións da vexetación actual, e que non permitiron unha visualización adecuada do terreo. Infórmase que por parte da entidade promotora continúa traballando na consecución dos permisos e autorizacións necesarias e prevese limpar a área do aeroxerador 8 e a zona correspondente ao aeroxerador 1.

A valoración do impacto sobre os bens arqueolóxicos afectados polo proxecto que se fixo é a seguinte:

Código	Elemento	Axente de impacto e xustificación	Impacto
	Abrigo de Regalados	Un camiño que vai ser utilizado como vial para dar acceso ao aeroxerador 4 discorre a escasos metros ao norte do abrigo. Sen restos coñecidos. Separado das obras por cercado.	Compatible



	Área de cautela de vexetación Monte de Feás	Sen restos coñecidos. Pese a gran proximidade das obras hai que ter en conta que non existen elementos patrimoniais inventariados na actualidade en toda a área cautelada, nin no seu contorno inmediato. A cautela xorde da existencia dun mesto manto vexetal que impediu realizar correctamente as tarefas de prospección intensiva. A cautela manterase ata que este sector do parque eólico poida revisarse en superficie.	Compatible
GA150227013-014-040	Conxunto de Revoltas Longas / Cotón do Furreiro	O conxunto localízase no interior da poligonal aínda que todas as obras están situadas a máis de 300 m ao sur de calquera ben patrimonial deste conxunto.	Sen impacto
GA15027029	Conxunto medieval de Recebes	Os xacementos localízanse no interior da poligonal aínda que todas as obras están situadas a máis de 650 m ao leste.	Sen impacto
GA15027015	Mámoa da Costa da Sal	Localízase no interior da poligonal aínda que todas as obras están situadas a máis de 275 m ao norte do túmulo.	Sen impacto
GA15027016 a 024,-027,-037 a 040	Mámoas do Monte da Retorta	Todas as obras están proxectadas a máis de 400 m da necrópole.	Sen impacto

Como medidas correctoras de carácter xeral propuxéronse:

- A sinalización nos planos de obra de todos os elementos de interese patrimonial existentes dentro da área de afección do proxecto construtivo.
- Non se realizarán remocións nin acopios non previstos en ningunha zona da obra sen consultar ás/aos arqueólogas/os que leven a cabo os traballos de control arqueolóxico. Calquera obra de reforma ou modificación de camiños, pistas, estradas ou viais non prevista en proxecto deberá contar coa aprobación e supervisión dos/as arqueólogos/as encargados/as do control e seguimento arqueolóxico das obras.
- As obras de construción das plataformas, zapatas e resto de infraestruturas restrinxiranse ás áreas marcadas para tal fin, tal e como se reflicten en planimetría.
- Quedará prohibido o tránsito e o estacionamento de maquinaria fora das áreas habilitadas para este fin, especialmente na contorna inmediata dos xacementos e bens patrimoniais recollidos neste documento e os seus respectivos ámbitos de protección.

E como medidas correctoras específicas de carácter arqueolóxico propuxéronse:

Código	Elemento	Medidas correctoras específicas	Impacto
	Abrigo de Regalados	Sinalización do abrigo, e as súas bandas de protección, nos planos de obra. Control arqueolóxico das obras de acondicionamento e apertura do vial neste tramo.	Compatible
	Área de cautela de vexetación Monte de Feás	Limpeza previa da vexetación na área cautelada e control do replanteo para verificar que non existen elementos afectados polas futuras obras.	Compatible
GA150227013-014-040	Conxunto de Revoltas Longas / Cotón do Furreiro	Sinalización do túmulo e as pedras con coviñas, xunto coas súas bandas de protección, nos planos de obra.	Sen impacto
GA15027029	Conxunto medieval de Recebes	Sinalización do conxunto medieval e as súas bandas de protección nos planos de obra.	Sen impacto
GA15027015	Mámoa da Costa da Sal	Sinalización do conxunto tumular e as súas bandas de	Sen impacto



		protección nos planos de obra.	
GA15027016 a 024,-027,- 037 a 040	Mámoas do Monte da Retorta	Sinalización do tumulo e a súa banda de protección nos planos de obras.	Sen impacto

Por outra banda, preséntase o documento "Simulación paisaxística desde elementos del patrimonio cultural Parque Eólico Feás", complemento do estudo de impacto e integración paisaxística e do estudo de impacto sobre o patrimonio cultural do EsIA, e que se centra na visibilidade do proxecto do parque eólico Feás e outros parques eólicos próximos (Fontella, Seselle, Gato, Felga, Penas Boas e as súas liñas de evacuación, LAT Fontella-Abegondo), respecto dos elementos do patrimonio cultural presentes na contorna, e, especificamente, sobre a necrópole de Montes do Gato. Neste estudo localízanse os aeroxeradores dos devanditos parques e os elementos do patrimonio cultural desde os que se realizou a toma de fotografías para realizar as infografías. A toma de fotografías realizouse emulando a vista humana, situando a cámara a 1,75 m de altura, e se presentan un total de 11 infografías representativas da situación futura do parque eólico Feás e os parques eólicos de Fontella (situación modificada), Seselle e Felga, Penas Boas e Gato, así como a liña de evacuación Fontella-Abegondo. Os resultados preséntanse de maneira individualizada para cada posición, localizando o lugar e a data da toma da fotografía, no azimuth definido previamente.

#### Documentación presentada o 31.08.2022

O obxecto desta nova documentación presentada é adecuar o EsIA do Parque eólico Feás reflectindo os cambios introducidos como resultado do trámites de información pública, audiencia e consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas. A adecuación do proxecto respecto ao reflectido no EsIA presentado en 2020 -e que fora informado pola DXPC o 09.04.2021- é a seguinte:

- Hai un novo emprazamento da torre meteorolóxica, xunto coa súa gabiá de cableado e vial de acceso.
- O parque eólico segue a estar formado por oito aeroxeradores modelo SIEMENS GAMESA de 5 MW de potencia unitaria, 127,5 m de altura de buxa e 145 m de diámetro de rotor (altura total 200 m), así como pola súa infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, cimentación, gabias de cableado, subestación transformadora e torre meteorolóxica de 127,5 m de altura.
- No apartado 7.4 Medio socioeconómico e cultural, punto 7.4.6 Patrimonio cultural, indícase que as afeccións ao patrimonio cultural foron avaliadas no EsIA, agás a nova posición da torre meteorolóxica que agora incide nunha zona establecida para o control arqueolóxico específico dun afloramento rochoso que polas súas características puido haber sido utilizado como abrigo ("Abrigo de Regalados").
- Conclúe que coas adecuacións do proxecto o impacto segue a ser compatible aínda que se incrementan e actualizan as medidas correctoras en relación os posibles restos no contorno do devandito elemento, ; propoñendo a sinalización do elemento e a súa área de influencia e realizar o control arqueolóxico das remocións. Remite ao Anexo C para maior detalle.

O antedito Anexo C, Documentación patrimonio cultural, inclúe o documento de Addenda á Memoria da "Avaliación do impacto patrimonial do parque eólico Feás, Aranga e Coirós (A Coruña)", asinado o 16.06.2022 pola arqueóloga M<sup>a</sup> Paz Blanco Sanmartín. Neste documento revisouse a avaliación de impactos e a proposta de medidas correctoras en función da modificación da situación da torre meteorolóxica e o seu vial de acceso, co fin de minimizar os riscos que durante a fase da construción puidese haber sobre o patrimonio arqueolóxico. A situación da devandita torre tivo que ser modificada debido a que se afectaba un hábitat prioritario, e a nova posición elixida incide na zona na que xa fora establecido necesario realizar un control e seguimento arqueolóxico específico dun afloramento que polas súas características puidese haber sido utilizado como abrigo, o denominado como "Abrigo de Regalados".



A modificación do proxecto afecta ao elemento Abrigo de Regalados, que xa se vía afectado polo vial de acceso ao aeroxerador 4, polo que non se altera a valoración establecida na memoria inicial. Non obstante ampliáanse o alcance das medidas correctoras.

O resumo da valoración de impactos arqueolóxicos é a seguinte:

Código	Elemento	Axente de impacto e xustificación	Impacto
	Abrigo de Regalados	Unha pista forestal existente será acondicionada como vial para dar acceso tanto ao aeroxenerador 4 como á torre meteorolóxica e discorre a escasos metros ao leste do abrigo. Pese á proximidade das obras hai que ter en conta que afloramento está nunha propiedade privada pechada cun cercado de aramio, polo que non se considerou moi factible que se vexa afectado de xeito directo polas obras. Ademais indícase que é importante ter en conta que non existen restos arqueolóxicos, unicamente a suposición de que se trata dun bo lugar de habitación e de outeadeiro para caza. Todos eses factores levaron a considerar o impacto como compatible.	Compatible

Como medidas correctoras específicas para este ben, propóñense:

- A sinalización do posible abrigo e da área de cautela establecida na planimetría de obra.
- Realizar o control arqueolóxico de calquera tipo de remoción a realizar nesta ámbito cautelado, ampliación do vial do parque, apertura para a gabiá de cableado, apertura do vial de acceso á cimentación da torre, escavación para a instalación da torre e a súa gabiá de cableado en previsión da documentación de posibles restos arqueolóxicos.

Por último, no documento Adecuación del EslA Parque eólico Feás Junio 2022, recóllese que as sinerxías e os efectos acumulativos producidos polo parque eólico Feás e as infraestruturas do contorno son os expostos no Anexo IV: Estudio de Efectos sinérxicos e acumulativos, incluído no primeiro EslA. Nese anexo recóllese a relación de bens de interese cultural (BIC) e bens catalogados existentes na área envolvente de 20 km. No apartado 6.16, Camino de Santiago, indícase que dentro do perímetro de 20 km discorren 39,80 km do Camiño Inglés desde A Coruña, 5,79 km do Camiño Inglés desde Ferrol e 39,58 km do Camiño do Norte. Dentro do punto 7, Identificación e avaliación de impactos sinérgicos e acumulativos, recóllese que as posibles afeccións acumulativas indirectas aos bens de interese cultural (BIC) debidas á perda de calidade paisaxística da súa contorna durante a fase de obras poden valorarse como non significativas, debido ao carácter temporal destas e á súa pouca intervisibilidade. No subapartado 7.2.8, Afeccións ao patrimonio cultural e arqueolóxico, indícase que na fase de obra as afeccións ao patrimonio cultural restrínxense a posibles danos ao patrimonio arqueolóxico non catalogado ou inventariado. Para previr estas posibles afeccións, tras a obtención dos permisos correspondentes, en todos os proxectos realizouse o preceptivo estudo de prospección arqueolóxica das respectivas áreas de proxecto. Unha análise máis detallada destas afeccións preséntase no Estudio de Impacto e Integración paisaxística que se inclúe como anexo III do EslA. Neste último, conclúese que na visita de campo realizada para determinar a visibilidade do proxecto desde o Camiño de Santiago, constatárase que gran parte do camiño circulaba polo interior de núcleos de poboación, por zonas de pasteiros, pero con orlas arbóreas a ambos lados do eixe do camiño e, incluso, xunto a pequenos rodais de masas boscosas. Por todo iso, púidose comprobar que o proxecto unicamente sería visible desde puntos concretos do Camiño e cunha orientación do campo de visión reducida. Con respecto a outros elementos patrimoniais, indícase que o proxecto sería visible desde tres BICs e 39 elementos patrimoniais. No obstante, a maioría deles se atopan dentro de núcleos de poboación ou con vexetación arborada próxima, polo que, conclúe, non se verían moi afectados desde o punto de vista paisaxístico.

#### Proxecto de interese autonómico:

- O proxecto de interese autonómico redáctase co fin de ordenar os terreos afectados polo parque eólico desde o punto de vista urbanístico e territorial.
- No apartado 3, Estudio de incidencia territorial, punto 3.5 Proteccións arqueolóxicas, recóllese a valoración de impactos sobre o patrimonio cultural da Memoria da avaliación de impacto sobre o



patrimonio cultural, asinada en decembro de 2021, pola arqueóloga M<sup>a</sup> Paz Blanco Sanmartín.

Unha vez analizada a documentación, pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que dentro da poligonal do parque eólico e no seu contorno existen bens integrantes do patrimonio cultural que se poden ver afectados pola construción do parque eólico e que son recollidos na Memoria e adenda da Avaliación do impacto patrimonial da área poligonal de implantación do parque eólico Fontella, onde se avalía o seu impacto e se propoñen medidas correctoras.
- As modificacións introducidas no proxecto do parque eólico Feás non cambian as afeccións aos elementos do patrimonio cultural de carácter arquitectónico e etnolóxico, cuxas medidas correctoras de impacto considéranse axeitadas.
- Realizáronse as limpezas de vexetación e a revisión das superficies indicadas, aínda que non na súa totalidade, o que, a pesares de non apareceren restos arqueolóxicos, fai recomendable manter a cautela nas áreas non revisadas. A este respecto hai que ter en conta a natureza do rexistro arqueolóxico galego, moitas veces enmascarado por unha tupida vexetación, polo que non se pode desbotar a existencia deste tipo de bens non detectados ate o de agora, que aínda que non estean recollidos en inventarios, son susceptibles de protección por configuraren a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio.
- Segundo se aprecia na "Simulación paisaxística desde elementos del patrimonio cultural Parque Eólico Feás", a visibilidade dos aeroxeradores dende os xacementos arqueolóxicos seleccionados é reducida (coa visión dalgunhas aspas sobre as liñas de horizonte e coa presenza intermedia de arboredo, no caso das Mámoas do Monte da Retorta 11 e 12, Mámoas do Monte do Gato 7 e 11; ou de aspas e algo do fuste, no caso da Mámoa da da Costa de Sal); ou é inexistente noutros casos (Petróglifo de Cotón de Furreiro 2 ou conxunto medieval de Receves, -situados no medio de eucaliptais que oculta a visión periférica-, ou tamén no caso da mámoa de Vallo 1). Por tanto, a visibilidade das infraestruturas eólicas sobre estes bens non semella moi relevante.
- Os traballos e estudos realizados considéranse suficientes para valorar os impactos sobre os elementos patrimoniais documentados, aínda que evidencia a necesidade de realizar unhas medidas protectoras e correctoras complementarias.
- Respecto aos accesos ao parque eólico, non se concretan as actuacións que será necesario realizar para acondicionar os accesos desde a N-VI ata a posición das infraestruturas, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural (antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muiños e outras construcións etnográficas) que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación curvas, sobreanchos, cunetas, limpezas de vexetación, podas, etc).
- Respecto ao PIA, os datos que se aportan no que respecta ao alcance da actuación e á localización das infraestruturas do parque eólico coinciden cos da actualización ao EsIA. Porén, deberá completarse con todas as valoracións de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollen na documentación complementaria presentada a raíz dos cambios realizados no proxecto.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

## INFORME

Á vista do exposto, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, emítense un **informe favorable** do EsIA e o PIA do Parque eólico Feás segundo a documentación remitida o 17.01.2022 e mais o 31.08.2022, e coas medidas protectoras e correctoras indicadas no "Anexo C, Documentación patrimonio cultural, Addenda á Memoria da Avaliación do impacto patrimonial do parque eólico Feás,



Aranga e Coirós (A Coruña)", debendo ter en conta ademais as seguintes condicións e consideracións:

- Con carácter previo ao inicio das obras de construción do parque eólico, realizarase unha supervisión das rozas de vexetación naquelas zonas que non puideron ser revisadas con anterioridade.
- Asemade, previo ao inicio das obras de construción do parque eólico, terá que revisarse en campo o Abrigo de Regalados, co obxecto de tentar verificar a súa natureza arqueolóxica. De confirmarse esta, revisaranse as cautelas arqueolóxicas neste ámbito e redactarase e presentarse unha ficha normativizada do mesmo para dalo de alta nos arquivos de xacementos arqueolóxicos de Galicia da DXPC.
- Será necesario realizar un control e seguimento arqueolóxico das obras de roza, replanteo, execución de obra e restitución dos terreos do parque eólico. A tal fin, e previo ao inicio das mesmas, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). No devandito proxecto recolleranse todas as medidas protectoras e correctoras xerais e específicas establecidas no Anexo C do EsIA e as derivadas das consideracións que se fan no presente informe.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser presencial, continuo e a pé de obra no contorno de protección dos elementos arqueolóxicos (neste caso, o Abrigo de Regalados) ou calquera outro que poida aparecer durante o transcurso das obras.
- Estableceranse zonas específicas de cautela nos ámbitos que serán ocupados polas plataformas, as cimentacións dos aeroxeradores e as infraestruturas asociadas, nas que as rozas de vexetación previas á executar calquera movemento de terras deberán facerse baixo control arqueolóxico, que terá carácter presencial, continuo, intensivo e a pé de obra nas zonas que non puideron ser revisadas.
- Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación *in situ* dos mesmos, o que poderá dar lugar a modificacións na implantación das infraestruturas e ao establecemento de novas medidas protectoras e correctoras.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Calquera modificación do proxecto de parque eólico terá que ser informada pola DXPC.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberase presentar un documento no que se detallen as actuacións a realizar nos accesos á posición das infraestruturas desde a estrada N-VI, necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.

#### Respecto ao Proxecto de Interese Autonómico

- Deberá incorporar as modificacións no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes. Asemade deberá completarse co inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios.
- Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural



de Galicia. Asemade, as modificacións do proxecto executivo e do estudo de impacto ambiental deberán recollerse para que haxa correspondencia entre todos os documentos.

- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos existentes e contrastados. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

P.S. Decreto 119/2022, do 23 xuño (DOG núm. 126, do 4 de xullo)

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

